

REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

PREÁMBULO

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade, dispón no capítulo III “*Organización básica das ensinanzas universitarias oficiais de grao*”, artigo 14.6, que o Traballo de fin de grao é de carácter obrigatorio e a súa superación é imprescindible para obter o título oficial:

“Definirase cun mínimo de 6 créditos para todos os títulos e un máximo de 24 créditos para os títulos de 240 créditos, de 30 créditos para os títulos de 300 créditos e de 36 créditos para os títulos de 360 créditos. Deberá desenvolverse na fase final do plan de estudos, seguindo os criterios que cada universidade ou centro estableza. Así mesmo, os Traballos de fin de grao deberán ser defendidos nun acto público, seguindo a normativa que para ese efecto estableza o centro ou no seu caso a universidade”.

Consonte estas consideracións e no marco da normativa de Traballo de fin de grao (en adiante TFG) aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 15 de xuño de 2016, e modificada o 13 de novembro de 2018 e o 31 de outubro de 2022, desenvólvese o presente regulamento de TFG da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (en adiante, EEME).

A presente normativa elabórase coa finalidade de regular o desenvolvemento do TFG (asignación de temáticas e persoas titoras, elaboración, defensa, avaliación, cualificación e tramitación administrativa), que se desenvolverá nas titulacións oficiais de grao axustadas ao Real decreto 822/2021, adscritas á EEME da Universidade de Vigo. Estas son o Grao en Enxeñaría da Enerxía (BOE-A-2020-11352 do 28 de setembro de 2020) e o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (BOE-A-2016-1353 do 28 de setembro de 2020).

TÍTULO I. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Artigo 1. Da normativa de aplicación

1. Por estar relacionados directamente coa presente normativa, aplícanse:

- O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
- O Real decreto 1125/2003, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial.
- O Regulamento para a realización do TFG da Universidade de Vigo.
- O Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado da Universidade de Vigo.
- No caso do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, a Orde CIN/306/2009, do 9 de Febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Enxeñeira Técnica ou Enxeñeiro Técnico de Minas.

Artigo 2. Da prevalencia da normativa

No caso de incompatibilidade, o establecido nos anteriores documentos prevalecerá sobre o especificado nesta normativa.

TÍTULO 2. O TRABALLO DE FIN DE GRAO

Artigo 3. Da definición do TFG

O TFG representa, na maioría dos casos, o primeiro contacto formal do estudantado coa realidade profesional na que se vai integrar ao finalizar os seus estudos. Como actividade formativa que é, pretende que o estudantado realice, de xeito activo, un traballo aplicado e de conxunto, frecuentemente multidisciplinar, no que poña en práctica as competencias que se lle requirirán no exercicio profesional. Dende este punto de vista, debe consistir nun traballo individual de suficiente nivel e complexidade que se axuste a algúns dos seguintes perfís:

- Perfil académico ou investigador: require do estudantado a integración e a aplicación de coñecementos adquiridos ao longo dos seus estudos.
- Perfil profesional: trátase de resolver un problema de enxeñaría mediante a integración dun conxunto de conceptos, desenvolvementos, resolucións e toma de decisións. A partir destas, o estudantado amosará a súa capacitación para atopar unha solución viable dende o punto de vista tecnolóxico, medioambiental, orzamentario e de execución material.

O TFG deberá ser un traballo orixinal no seu título e nos contidos, e desenvolverase de maneira autónoma polo estudantado baixo a titorización dun ou dunha docente.

Artigo 4. Da realización do TFG

O TFG poderá realizarse nas instalacións da EEME, doutro centro universitario, dun centro de investigación, dunha empresa ou no marco de programas como os promovidos pola propia Universidade de Vigo¹. Nos casos nos que a realización do TFG requira dunha estancia nunha empresa ou entidade, esta deberá subscribir un convenio específico coa Universidade de Vigo. A xestión da tramitación deste tipo de convenio correspóndelle á EEME, ao tratarse dunha materia curricular do plan de estudos.

Dado que os obxectivos formativos e a carga docente das Prácticas Externas e do TFG son diferentes, exclúense (como TFG) os traballos de carácter parcial ou limitado, como os informes que se poden realizar ao rematar a estancia nunha empresa ou as memorias dos traballos desenvolto durante a permanencia nela.

TÍTULO 3. PROPOSTA E TITORIZACIÓN DO TFG

Artigo 5. Da proposta do TFG

O proceso de realización dun TFG comeza coa proposta dos traballos e das persoas titoras. As propostas levarán a seguinte información básica: (a) título, (b) breve descrición das tarefas que se realizarán e (c) persoas que titorizan.

Cada ano, a coordinación do TFG elaborará e publicará un conxunto de propostas que sexa o suficientemente extenso como para garantir que todo o estudantado matriculado no TFG poida elixir

¹ <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/empleabilidad/tfg-tfm-empresas/innovacion-abierta>

unha proposta. O TFG tamén pode ser suxerido directamente polo estudantado co visto e prace da persoa que titoriza.

Artigo 6. Da autorización da proposta do TFG

Todas as propostas de TFG teñen que ser autorizadas pola Comisión Permanente da EEME ou persoal no cal delegue, para garantir que o seu desenvolvemento se axusta ao nivel académico e ao ámbito de traballo do correspondente título de grao.

Artigo 7. Da aprobación da proposta do TFG

A Comisión Permanente da EEME, ou persoal no cal delegue, deberá asignarlle, de ser necesario, unha proposta de TFG a todo o estudantado que non o teña e o solicite despois de formalizar a matrícula do TFG.

Artigo 8. Da titorización do TFG

O TFG estará titorizado, polo menos, por un ou unha docente pertencente a unha área con docencia nalguna das titulacións da EEME, que será quen teña a responsabilidade académica. Poderá existir unha cotitorización con outro profesorado universitario ou con persoal investigador adscrito a algún centro ou instituto de investigación. En todo caso, o persoal encargado da titorización/cotitorización deberá ter unha titulación co mesmo nivel académico ou superior á titulación de grao.

No caso de que o TFG se realice baixo un convenio de colaboración cunha empresa ou institución externa á Universidade de Vigo, existirá unha persoa cotitora pertencente á devandita entidade.

Artigo 9. Da vixencia da proposta do TFG

O título e as persoas titoras, unha vez se validen polo centro, terán unha vixencia dun ano académico. De existir algún cambio no título ou na dirección do TFG, o estudantado deberá realizar unha nova proposta para a súa aprobación.

TÍTULO 4. DEPÓSITO E TRAMITACIÓN DO TFG

Artigo 10. Das instrucións do procedemento administrativo do TFG

O centro elaborará unhas instrucións que recollan o procedemento administrativo (prazos e procedemento) para realizar a asignación de propostas, solicitude, autorización e convocatoria de defensa do TFG. Estas instrucións deberán aprobarse na Xunta de Escola e publicarse, como mínimo, un mes antes da apertura da matrícula do TFG.

Artigo 11. Da solicitude da defensa do TFG

Para solicitar a defensa do TFG o estudantado terá que cumprir os seguintes requisitos: (a) estar matriculado de todas as materias que lle resten para obter o correspondente título de grao e (b) estar matriculado da materia de Traballo fin de grao.

Artigo 12. Da autorización da defensa do TFG

En cada convocatoria da defensa, a Comisión Permanente da EEME resolverá a autorización da defensa dos TFG. Para iso, será necesario:

(a) Dispor da memoria e do póster do TFG e do informe de valoración do TFG da persoa titora segundo o modelo anexo.

(b) Dispor do informe de resultados proporcionado polo software de comprobación antiplaxio que a Universidade de Vigo pon a disposición do profesorado, do cal o centro proporcionará a información necesaria para o seu uso. **Este informe deberá ser proporcionado pola persoa que titoriza o TFG.**

(c) Ter superadas todas as materias necesarias para o remate do plan de estudos. No caso de que algunha acta non fose cerrada en prazo, a secretaría do centro contactará co profesorado da/s materia/s pendentes de acta e informará a Comisión Permanente da superación ou non das devanditas materias.

No caso de detectarse, a partir do informe de resultados proporcionado polo software de comprobación antiplaxio, que algún dos traballos non é orixinal no seu título ou contidos, a presidencia do tribunal de avaliación comunicarllelo, con antelación á data oficial da defensa, ao estudantado e as persoas que titorizan o TFG. No caso de proseguir coa defensa do traballo, todas as persoas integrantes do tribunal disporán da información recollida no informe antiplaxio e poderán basear nela a avaliación final do TFG.

Artigo 13. Do formato da memoria do TFG

O formato básico da memoria en canto ao tipo de letra, configuración de parágrafos, cabeceiras, marxes das páxinas etc., é libre, aínda que existirá un documento modelo a disposición do estudantado para facilitar a redacción. Recoméndase que a extensión máxima da memoria sexa de 80 páxinas (caras), incluída toda a documentación necesaria (anexos, planos...).

Artigo 14. Da lingua do TFG

A memoria e o póster do traballo redactaranse en galego, castelán ou inglés e utilizarase unha linguaxe inclusiva.

TÍTULO 5. TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN

Artigo 15. Da avaliación do TFG

A avaliación e a cualificación do TFG será responsabilidade dun tribunal de avaliación, ante o que o estudantado defenderá o seu TFG. Porase a disposición do tribunal o informe do titor ou titora e o informe de resultados proporcionado polo software de comprobación antiplaxio.

A avaliación do TFG realizarase segundo o disposto na memoria de verificación e na guía docente da materia. Elaborarase unha rúbrica de avaliación e de cualificación da materia que se publicará xunto coa guía docente da materia.

Artigo 16. Dos tribunais de avaliación do TFG

Nas diversas convocatorias de avaliación, constituirase un ou varios tribunais por cada titulación, que avaliarán, nunha sesión, o grupo do TFG que foron autorizados pola Comisión Permanente da EEME para a súa defensa.

Artigo 17. Da formación dos tribunais de avaliación dos TFG

Os tribunais estarán formados por tres integrantes que se escollerán entre o profesorado con docencia nos títulos da EEME nese curso académico, coas seguintes funcións:

- Director/a da EEME, ou persoa na que delegue, que actuará como presidente/a.
- Secretario/a ou suplente respectivo/a.
- Vogal ou suplente respectivo/a.

Tal e como permite o Regulamento para a realización do TFG da Universidade de Vigo, de xeito excepcional, a Xunta de Escola da EEME ou a comisión delegada por esta, poderá autorizar que forme parte do tribunal de avaliación o persoal vinculado á Universidade de Vigo, sen docencia na EEME. Estas persoas actuarán no tribunal en calidade de vogais.

Artigo 18. Da selección das persoas integrantes do tribunal avaliador do TFG

Agás a presidencia do tribunal ou a persoa suplente, o resto das persoas integrantes e suplentes serán elixidas pola Comisión Permanente. A citada elección farase mediante un sorteo entre todo o profesorado con docencia durante ese curso académico nalgunha das titulacións de grao. Para mellorar a calidade da avaliación o procedemento de elección será o seguinte:

1. A coordinación do grao propondrá unha agrupación dos TFG que se van defender en función da súa temática (vinculación con áreas de coñecemento).
2. O censo do profesorado da EEME dividirase tamén seguindo o mesmo criterio. No caso das áreas básicas todo o profesorado non vinculado coa temática será incluído nun mesmo grupo ou área xeral.
3. Cada tribunal debe contar, polo menos, cunha persoa pertencente á mesma área de coñecemento (ou área afín) ca os TFG que se van defender. Nomearase para tal fin unha persoa titular e unha suplente desa área. No caso de non dispoñibilidade de profesorado suficiente nunha área determinada contactarase coa dirección do departamento responsable para designar este ou esta integrante.
4. A persoa que titorice un TFG non poderá ser parte do tribunal de avaliación dese traballo.
5. Tratarase, na medida do posible, que ao longo dun curso académico o profesorado non teña que repetir como integrante en máis dun tribunal.
6. No caso de presentárense dificultades á hora de conformar os tribunais, poderase ampliar o censo co persoal que cumpra os requisitos indicados no artigo 17.
7. Tratarase de garantir a paridade na composición dos tribunais de avaliación.
8. A composición dos tribunais aprobarase na Comisión Permanente da EEME ao principio de cada curso académico e comunicáraselle a todo o profesorado implicado coa debida antelación.

En calquera caso, dado que a tarefa de avaliación e cualificación do TFG forma parte das obrigas docentes do profesorado, o incumprimento desta sen unha causa debidamente xustificada ante a dirección da EEME, recollerase como unha incidencia do profesorado no rexistro "Procedemento para o seguimento das obrigas docentes" do SGIC da EEME.

Artigo 19. Da constitución do tribunal avaliador do TFG

O tribunal de avaliación constituirase coa presenza das persoas que ocupan a presidencia e a secretaría, así como a que actúa como vogal o mesmo día da defensa do TFG.

TÍTULO 6. DEFENSA DO TFG

Artigo 20. Das condicións requiridas para a defensa do TFG

A defensa do TFG só poderá realizarse unha vez que o estudantado superase todos os créditos restantes da titulación. Esta condición será asegurada polos servizos administrativos do centro.

Artigo 21. Da defensa do TFG

A defensa será pública e presencial. O centro responsabilizarase de anunciar publicamente a estrutura e a duración do acto da defensa.

Con carácter excepcional, poderase realizar a defensa de xeito virtual tras a petición formal e motivada polo ou pola estudante e a persoa titora ou cotitora, sempre e cando concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade.

Artigo 22. Da convocatoria da defensa do TFG

A presidencia do tribunal de avaliación convocará cunha antelación mínima de tres días as persoas integrantes do mesmo e o estudantado interesado para a defensa pública do TFG.

Artigo 23. Do procedemento para a defensa ante o tribunal avaliador do TFG

O estudantado que vaia expoñer os traballos deberá presentarse ao inicio da sesión co fin de preparar o material necesario para a defensa. Aínda que exista un horario preestablecido de presentación, este poderá alterarse por posibles contratempos, polo que o estudantado deberá estar presente na sala cando llo requira o tribunal.

A defensa do TFG consistirá nunha exposición do traballo en sesión pública durante un tempo máximo de quince minutos, seguida dunha quenda de preguntas na que as persoas que integran o tribunal poderán formular as cuestións que estimen oportunas.

Artigo 24. Da lingua da defensa do TFG

A defensa do TFG poderá realizarse en galego, castelán ou inglés.

TÍTULO 7. CUALIFICACIÓN E REVISIÓN DO TFG

Artigo 25. Do informe cualificador do TFG

Tras a deliberación posterior ás defensas públicas do TFG, os tribunais emitirán un informe coas cualificacións outorgadas. Os servizos administrativos da EEME deberán conservar estes informes por se fosen necesarios nunha posterior solicitude de revisión da cualificación.

Artigo 26. Da publicación da cualificación do TFG

Despois da defensa de todos os traballos da sesión, o tribunal publicará as cualificacións outorgadas.

Artigo 27. Da revisión da cualificación do TFG

De non estar conforme, o estudantado poderá solicitar a revisión da cualificación do seu TFG seguindo o procedemento de revisión de cualificacións establecido pola Universidade de Vigo.

Artigo 28. Da mención de matrícula de honra do TFG

A mención de matrícula de honra (MH) poderá outorgárselle ao TFG cunha cualificación igual ou superior a 9,0. O número de MH non poderá exceder o cinco por cento do estudantado matriculado na materia nese curso académico, agás que este sexa inferior a 39, en cuxo caso só se poderá conceder unha MH (Real decreto 1125/2003).

Para concedelas, agardarase ata finalizar todas as convocatorias de lectura do curso académico. Nese momento, poderanse conceder entre os traballos que cumpran os requisitos e que fosen propostos para a citada cualificación polo tribunal correspondente. As persoas encargadas da repartición será a presidencia dos tribunais, que empregarán como criterio a cualificación (nota numérica) obtida no TFG. No caso de empate, prevalecerá o TFG do estudante que teña o mellor expediente. De persistir o empate, convocaríanse nunha comisión extraordinaria as persoas integrantes dos tribunais encargados da avaliación dos TFG implicados para acadar un acordo.

TÍTULO 8. ESTUDANTADO DE INTERCAMBIO

Artigo 29. Da cualificación do TFG en programas de intercambio

A cualificación recoñecida aos TFG realizados baixo un programa de intercambio será transcrita consonte as equivalencias oficiais marcadas polo ministerio competente.

TÍTULO 9. PROPIEDAD INTELECTUAL DO TFG

Artigo 30. Da propiedade intelectual do TFG

Para os efectos da propiedade intelectual aplicase o establecido na Normativa para a realización do TFG da Universidade de Vigo.

Artigo 31. Da citación da autoría do TFG

Sempre que se faga referencia a un TFG dentro do ámbito docente da Universidade de Vigo farase constar a súa autoría, sen que sexa preciso o seu consentimento expreso.

Artigo 32. Dos beneficios económicos derivados dun TFG

O uso do TFG para fins que produzan beneficios económicos, directa ou indirectamente, requirirá o consentimento expreso das persoas autoras, das que en todo momento se fará constar os seus nomes. Asemade, estas persoas terán dereito a percibir os beneficios correspondentes polos seus dereitos de autoría.

Artigo 33. Do tratamento de confidencialidade dun TFG

O estudantado terá dereito a solicitar que o seu TFG teña o tratamento de confidencial e se lle aplique o protocolo vixente da Universidade de Vigo

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Artigo 34. Da resolución de problemas dun TFG

A resolución de todos os problemas e os asuntos relacionados co TFG corresponderalle en primeira instancia a Comisión Permanente da EEME.

Artigo 35. Da aprobación do Regulamento do TFG

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Escola da EEME e rexerá a partir da seguinte convocatoria de defensa de TFG programada.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Artigo 36. Do TFG para estudantado de plans en extinción

No caso de estudantado matriculado na materia de Traballo fin de grao dos plans de estudos de grao en extinción, seguirase o establecido na guía docente da materia correspondente ao último curso de impartición desta no plan en extinción.

ANEXOS

Anexo 1. Solicitude do título do Traballo de fin de grao

Anexo 2. Informe da valoración do Traballo de fin de grao

Anexo 3. Informe da cualificación do Traballo de fin de grao

Anexo 4. Modelo da memoria do Traballo de fin de grao

Anexo 5. Modelo do póster do Traballo de fin de grao